



# Nova Escola Galega

# OPINA

Novembro de 2020

## TERRA QUEIMADA PARA AS LINGUAS: TODO É FUME

Aproveitando o balbordo xerado polas mudanzas que incorpora a LOMLOE, o PPdG e o propio Presidente do país preparan un "remake" daquela campaña sobre a imposición lingüística da que tan bos réditos políticos quitaron no pasado, malia o evidente prexuízo causado ao idioma que están obrigados a protexer e á convivencia lingüística. Desta volta non dubidaron en saír na defensa do castelán, lingua que, segundo todos os indicadores, disque está en risco.

O contexto político é, coma noutras ocasións, ben propicio. Estase tramitando a modificación da deostada LOMCE no Congreso do estado baixo o goberno da coalición PSOE-UP e, a medio prazo, está prevista unha nova cita electoral en Cataluña. Ademais, dirímese unha contenda ideolóxica na dereita polo control dese espazo político e, obviamente, a modificación dunha lei educativa tan polémica como a LOMCE xera moitas oportunidades para alimentar a confrontación na pugna por gañar a batalla do "relato" no espectro conservador.

Cómpre dicir que as cuestións relativas aos modelos lingüísticos asociados ao desenvolvemento das linguas vernáculos e cooficiais foron incorporadas por vez primeira a unha lei orgánica de educación precisamente coa LOMCE; nunca antes, nin o PP, nin o PSOE nas súas iniciativas legislativas, consideraron necesario prever maiores mecanismos de condicionamento ou control por parte do estado respecto das linguas propias. Foi o goberno de Mariano Rajoy co seu ministro Wert quen abriu a caixa dos tronos, quentando o ambiente en todas as fronteas imaxinables, nun contexto no que a radicalización ideolóxica e a aspiración á recentralización de competencias introduciu moitos elementos disonantes no debate educativo e tamén no territorial. Co seu habitual estilo provocador Wert explicou claramente o obxectivo de introducir no segundo borrador da súa lei a cuestión lingüística: "españolizar aos cataláns". Está en todas as hemerotecas a *boutade* daquel ministro paroleiro. E a eses efectos consagrou boa parte dos seus esforzos. A LOMCE (2013), como se sabe, foi aprobada en solitario polo Partido Popular, e foi obxecto de múltiples recursos baixo motivacións diferentes, de xeito que para recuperar certa tranquilidade na comunidade educativa o propio PP tivo que renunciar á aplicación dalgunhas das medidas máis contestadas, presentando un novo ministro de talante máis conciliador.





No caso que nos ocupa, foi a disposición adicional trixésimo oitava (lingua castelá, linguas cooficiais e linguas que gocen de protección legal) a que inaugurou un chanzo novo no intervencionismo do estado nesta materia, tan sensible desde o punto de vista competencial. Indicaba o seguinte:

1. *As Administracións educativas garantirán o dereito dos alumnos e alumnas a recibir as ensinanzas en castelán, lingua oficial do Estado, e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios. O castelán é lingua vehicular do ensino en todo o Estado e as linguas cooficiais sono tamén nas respectivas Comunidades Autónomas, de acordo cos seus Estatutos e normativa aplicable.*

2. *Ao finalizar a educación básica, todos os alumnos e alumnas deberán comprender e expresarse, de forma oral e por escrito, na lingua castelá e, no seu caso, na lingua cooficial correspondente.*

3. *As Administracións educativas adoptarán as medidas oportunas a fin de que a utilización no ensino da lingua castelá ou das linguas cooficiais non sexa fonte de discriminación no exercicio do dereito á educación.*



4. *Nas Comunidades Autónomas que posúan, xunto ao castelán, outra lingua oficial de acordo cos seus Estatutos, ou, no caso da Comunidade Foral de Navarra, co establecido na Lei Orgánica 13/1982, de 10 de agosto, de Reintegración e melloramento do Réxime Foral de Navarra, as Administracións educativas deberán garantir o dereito dos alumnos e alumnas a recibir as ensinanzas en ambas as linguas oficiais, programando a súa oferta educativa conforme aos seguintes criterios:*

a) *Tanto a materia Lingua Castelá e Literatura como a Lingua Cooficial e Literatura deberán impartirse nas linguas correspondentes.*

b) *As Administracións educativas poderán deseñar e implantar sistemas nos que se garanta a impartición de materias non lingüísticas integrando a lingua castelá e a lingua cooficial en cada un dos ciclos e cursos das etapas obrigatorias, de maneira que se procure o dominio de ambas as linguas oficiais polos alumnos e alumnas, e sen prexuízo da posibilidade de incluír linguas estranxeiras. As Administracións educativas determinarán a proporción razoable da lingua castelá e a lingua cooficial nestes sistemas, podendo facelo de forma heteroxénea no seu territorio, atendendo ás circunstancias concorrentes.*

c) *As Administracións educativas poderán, así mesmo, establecer sistemas nos que as materias non lingüísticas se impartan exclusivamente en lingua castelá, en lingua cooficial ou nalgunha lingua estranxeira, sempre que exista oferta alternativa de ensino sostido con fondos públicos na que se utilice como vehicular cada unha das linguas cooficiais.*

*Nestes casos, a Administración educativa deberá garantir unha oferta docente sostida con fondos públicos na que o castelán sexa utilizado como lingua vehicular nunha proporción razoable.*



A disposición contemplaba outras previsións -declaradas inconstitucionais e nulas por Sentenza do TC 14/2018, de 20 de febreiro- relativas á asunción por parte da administración educativa correspondente dos gastos de escolarización do alumnado cuxas familias optasen pola escolarización en castelán e non se lles garante oferta docente razoable sostida con fondos públicos.

5. *Corresponderá á Alta Inspección do Estado velar polo cumprimento das normas sobre utilización de lingua vehicular nos ensinos básicos.*

6. *Aquelas Comunidades Autónomas nas que existan linguas non oficiais que gocen de protección legal ofertaranas, no seu caso, no bloque de materias de libre configuración autonómica, nos termos que determine a súa normativa reguladora.»*

A devandita disposición atacaba de cheo o sistema de inmersión lingüística catalán ou calquera outro que se puidese desenvolver noutro territorio. Lonxe de ser considerado como un sistema pedagóxico recoñecido polos seus positivos resultados en distintos contextos lingüísticos, a inmersión lingüística aplicada ás linguas propias resultou un anatema ideolóxico-político, un arma do separatismo máis abxecto. Iso si, para o caso do inglés a receita da inmersión lingüística é saudable e perde o cheiro radical que noutro caso se lle atribúe. Nin sequera, mesmo en calidade de atenuante, se tiveron en conta os resultados do PISA que poñen de manifesto como as comunidades con lingua propia obteñen bos resultados nas competencias en lingua castelá, mesmo por riba dalgunhas que non contan con ela.

En Galicia, a lea que coutou calquera aproximación cara a un sistema de inmersión lingüística comezou moito antes que a discusión da LOMCE (2013). Cómpre sinalar que no que atinxe ao marco lexislativo e de planificación lingüística anterior ao Decreto para o Plurilingüismo (2010) a inmersión lingüística era unha opción posible dentro da defensa da progresividade do galego recollida na LNL (1983) e mesmo unha vía positiva desde a perspectiva do PXNLG, aprobado por unanimidade no Parlamento galego no ano 2004, ambas iniciativas capitaneadas por gobernos do Partido Popular. Hai que anotar tamén que é o goberno do presidente Aznar quen asina no ano 2002 -co máis alto nivel de esixencia- o compromiso de adhesión do estado español á Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, que prevé igualmente medidas de inmersión lingüística no ensino, entre outras iniciativas para a recuperación das linguas minoradas.

A cronoloxía destas accións non engana a respecto da recuada do Partido Popular na súa aposta de "baixa intensidade" e nun plano formal por certo compromiso normalizador, asentado na idea do "bilingüismo harmónico". Será a partir do ano 2007 cando racha co inicial consenso arredor do Decreto 124/2007 que regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, liderado polo goberno bipartito PSOE-BNG presidido por Emilio Touriño. Malia que as estipulacións daquel decreto aliñábanse punto por punto coas indicacións do PXNLG, o PPDG xunto con grupos galegófobos minoritarios pero de ampla proxección mediática, alimentan



a falacia da imposición lingüística e a posible situación de risco para o castelán. A campaña previa ás eleccións que fan Presidente a Feijóo poñen a lingua no punto de mira e mesmo se chegan a barallar propostas abertamente ilegais. Con estes precedentes comeza todo o proceso de derogación do Decreto 124/2007 e o deseño do novo marco normativo, que se materializa no Decreto para o Plurilingüismo (2010), desautorizado polas institucións máis relevantes do país en materia de lingua e educación e polo conxunto da comunidade educativa, e que foi mudado nalgúns aspectos fundamentais mediante sentenzas. Pode

consultarse a este respecto a publicación NEG Opina (2012), titulada [Lingua e ensino: regreso ao pasado?](#)

Non houbo neste tempo a mínima consideración a preceptos do ámbito da sociolingüística ou da pedagogía. Foron decisións netamente políticas e partidarias. Cando conviña axitouse a pantasma da imposición para logo recoñecer que os datos da lingua que manexaban ao chegaren ao poder evidenciaban un proceso acelerado de devalo lingüístico. Dez anos despois non hai enriba da mesa resultados da avaliación de competencias, tal é como prescribe a norma. Na súa ausencia emítese un sinal continuo de autocompracencia nun equilibrio lingüístico que ningún estudo serio sustenta e desconsideráanse os chamados de atención cívicos e institucionais, mesmo os procedentes do Consello de Europa, quen no seu último relatorio incidiu na necesidade de eliminar o veto ao galego no ámbito científico-técnico e na efectividade dos programas de inmersión lingüística. Porén, coincidindo co X aniversario da aprobación do PXNLG prestáronse a saír nunha foto de familia que reclamaba a volta ao consenso, nunha iniciativa propiciada pola Mesa pola Normalización Lingüística. Unha constatación de que o nivel de impostura política aínda admite algunha talla máis.

Estamos agora diante dun novo episodio, unha nova "performance" a propósito do idioma, nesta volta, pola defensa do castelán, como resposta airada pola transacción acadada entre o PSOE-UP e ERC para substituír aquela disposición por estoutro texto:

*Disposición adicional trixésimo oitava. Lingua castelá, linguas cooficiais e linguas que gocen de protección legal.*

1. *As Administracións educativas garantirán o dereito dos alumnos e as alumnas a recibiren ensinanzas en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, de conformidade coa Constitución Española, os Estatutos de Autonomía e a normativa aplicable.*

2. *Ao finalizar a educación básica, todos os alumnos e alumnas deberán alcanzar o dominio pleno e equivalente na lingua castelá e, no seu caso, na lingua cooficial correspondente.*

3. *As Administracións educativas aplicarán os instrumentos de control, avaliación e mellora propios do sistema educativo e promoverán a realización de análise por parte dos centros, de modo que se garanta que todo o alumnado alcance a competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiais, no grao requirido. Así mesmo, impulsarán a adopción por parte dos centros das medidas necesarias para compensar as carencias que puidesen existir en calquera das linguas.*

4. *Tanto a materia Lingua Castelá e Literatura como a Lingua Cooficial e Literatura deberán impartirse nas linguas correspondentes.*

5. *Aquelas Comunidades Autónomas nas que existan linguas cooficiais que non teñen ese carácter en todo o seu territorio ou linguas non oficiais que gocen de protección legal poderán ofrecelas nos termos que determine a súa normativa reguladora.*

O PPDG ten anunciado unha ofensiva legislativa no Parlamento galego para "blindar" o castelán como lingua vehicular no sistema educativo galego. Non se trata dunha iniciativa orixinal, posto que xa fixeron o propio tanto o PP como o C's no Parlamento catalán, en decembro de 2019. Nas redes sociais o Presidente do país exhibe o seu malestar pola sorte do castelán nesta nova circunstancia.

Á vista de todo o que aconteceu nesta década de aplicación do Decreto para o Plurilingüismo preguntámonos se realmente o que lle preocupa ao PP e a Feijoo é máis ben a previsión contida no punto 3. De ser aprobada súmase ás obrigas –incumplidas ata o momento– do propio Decreto de avaliar e introducir melloras se o sistema o requirise.


Os poderes públicos están obrigados a removeren cantos obstáculos existan na promoción do uso progresivo do galego no ensino, tal é como prevé a LNL (1983), e a ese empeño deberan comprometer todos os seus esforzos. Porén, é evidente que a súa aposta é outra: alimentar irresponsablemente a confrontación lingüística trasladando á sociedade vellos prexuízos sobre a lingua e a cultura de noso que dificultan aínda máis o traballo desde a institución educativa a prol da normalización lingüística.

Nova Escola Galega vén analizando a través de varias publicacións –nomeadamente o [NEG Opina](#) e a [Revista Galega de Educación](#) (está en proceso de edición o nº 78 dedicado á análise destes dez anos de plurilingüismo ao abeiro do Decreto 79/2010)– as circunstancias que afectan a necesaria recuperación do noso idioma, un dos compromisos do noso traballo como movemento de renovación pedagóxica (véxase a publicación [Nova Escola Galega e a lingua](#) con ocasión de facermos 25 anos).





ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



**engádeste?**  
engádeste?  
engádeste?



**REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN**  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

**Subscríbete?**